

M. González González / B. Varela Vázquez (2002): “As denominacións da ‘chuvia miúda’: variedades diatópicas e lingua literaria”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 329-357.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

AS DENOMINACIÓNS DA ‘CHUVIA MIÚDA’: VARIEDADES DIATÓPICAS E LINGUA LITERARIA

María González González e Begoña Varela Vázquez

Instituto da Lingua Galega. USC

A Xano, Xavier e Josep

1. INTRODUCCIÓN

Este relatorio ten a pretensión de percorrer de forma sintética e xeral as diferentes, e abundantes, denominacións que recibe o orballo ‘chuvia miúda’ no territorio de fala galega. Trátase dun estudio histórico-etimolóxico e motivacional dos datos dialectais e da súa presenza nos dicionarios e na literatura galega.

Para realizarmos este estudio baseámonos nun corpus de datos de tipo léxico recompilados no *Cuestionario* do Atlas Lingüístico Galego (*ALGa*), e en concreto na pregunta 589 ‘chuvia miudiña e compacta, orballo’; empregamos ademais informacións do ficheiro dialectal da lingua galega e outros materiais bibliográficos (tesinas, nomenclátors, atlas xeográficos, etc.), así como o *Diccionario de dicionarios* e algúns dicionarios contemporáneos das diferentes linguas románicas; recorreremos tamén, no último chanzo desta achega, é dicir, na parte que lle atinxe á literatura, á *Base de Datos para a formación dun Diccionario da Lingua Galega Moderna* que se elabora no Instituto da Lingua Galega.


Interésanos advertir que non hai entre as voces que aquí presentamos unha fronteira clara na conciencia das persoas enquisadas entre o orballo entendido como aquelas pingas pequenas de auga que proceden de todas partes e que así como empezan rematan, e o tipo de orballo que ten un comezo pero que a miúdo carece de final e deixa no ambiente unha cor agrisada e unha sensación de humidade. É dicir, o significado das variantes rexistradas non aparece ben delimitado senón que estas designan un continuo de diferentes tipos de chuvia (da máis fina á máis grossa, da de menor duración á máis persistente...).

2. AS DENOMINACIÓNS DE ORBALLO

Neste primeiro apartado tratarémo-las designacións galegas de *orballo* na súa acepción de ‘chuvia miúda’ e observarémo-la súa gran variedade. Deste xeito, á beira dos tipos que seguen o lat. ORBU (ou RÖS, para algúns filólogos, como veremos máis adiante) que atopamos en practicamente todo o

territorio de fala galega, ou as formas analíticas compostas de *auga* ou *chuvia* acompañadas dun cualificativo, atopamos un verdadeiro agromar de formas caracterizadas, na súa gran maioría, por un corremento de sentido considerable: designacións vinculadas ó xeito de cae-la chuva (*poalleira*, *molura*, etc.), substantivos ligados á sensación de pechazón ambiental (*cerrallada*), formacións metonímicas (*mancha*), etc.

- ◆ Orballo e derivados
- ◆ Zarzallo e derivados
- ✚ Mera e derivados
- ✚ Molura e derivados
- Chuvia, *auga*, *mollar*
- ◎ *Barr-*, *borr-*, *born-*, *morr-*, *morm-*, *barb-*, *marm-*, *bab-*
- Denominacións relacionadas con 'partículas finas espalladas polo aire'



Mapa 1: Resumo das denominacións para 'chuvia miúda'

Tivemos que distribuí-los datos en varias cartas xa que contabamos cunha cantidade inxente de formas para representar este contido. Para evitarmos que a multiplicidade de formas fixese perder de vista o posible agrupamento xeográfico das familias, confeccionámo-lo Mapa 1, que non presenta tódalas formas, pero si as máis representativas.

Os mapas que seguen presentan a información segmentada. Para presentármolas variantes recollidas non podíamos levar a cabo unha clasificación atendendo ós lexemas xa que a cantidade de familias léxicas resultantes era enorme e non era rendible cartografa-los lexemas en cadanseu mapa. Por iso desbotamos esta posibilidade e optamos por estoutra clasificación, que responde a criterios semánticos e formais e que, aínda que discutible, permite cartografar tódalas formas recollidas no *Cuestionario* do *ALGa* nun número reducido de mapas. En xeral, as denominacións galegas da chuva miúda, como se pode apreciar nos mapas que seguen, poden clasificarse da maneira seguinte: (1) algunhas denominacións relacionadas con fenómenos atmosféricos (*brétema, mera, garía*, etc.); (2) denominacións relacionadas con chuva, auga ou mollar (*auga de grelos, chuvia, mollaparvos*, etc.); (3) denominacións constituídas a partir das raíces *barr-*, *borr-*, *morr-*, *morm-*, *barb-*, *marm-*, *bab-*... (*barruzo, marmaño, babuxa*...); (4) Denominacións que teñen que ver cunha masa de partículas finas espalladas polo aire (*poalla, muiña*...); (5) outras denominacións (*caraxía, emiza, cerrallada, froalleira, mocallo, patoña*...). Nas páxinas que seguen presentamos unha análise destas xeovariantes.

2.1. Algunhas denominacións relacionadas con fenómenos atmosféricos

2.1.1. Orballo, orballeira, orballeda, orballeirada...

Como se pode apreciar no Mapa 2, as formas máis comúns en toda a superficie de Galicia para designa-la chuva miúda son *orballo* e as súas variantes; podemos falar, neste sentido, dunha área definida.


Respecto desta xeovariante faremos un breve apuntamento sobre o carácter polisémico que posúe na nosa lingua. A xeito de ilustración recollémo-la voz *orballo* coas seguintes acepcións no diccionario de E. Rodríguez:

- (1) Lluvia menuda y fina que suavemente cae de las nubes.
- (2) Neblina acuosa de las BRÉTEMAS húmedas, que también se llama ORBALLEIRA.
- (3) Rocío de la noche, que se condensa en gotas diminutas sobre las plantas y favorece especialmente al maíz en el verano; RECÍO.
- (4) Erupción cutánea, que más bien se llama COLLETIZO. Recibe además el nombre de ORBALLO, el ántrax, cualquier flemón séptico y sobre todo el panadizo; ORVALLO.

Nuestras gentes labradoras llaman ORBALLO a cualquier divieso, tumor o grano más o menos maligno, porque creen supersticiosamente que toda erupción

cutánea es producida por una especie de efluvio dañino que dejan los animales ponzoñosos por donde pasan. Por eso cuando se mudan la ropa interior, tienen especial cuidado de pasarla por encima de la llama—pues al fuego lo creen purificador— para quitarle el ORBALLO que pudiera haber dejado cualquiera de los bichos.

| | | |
|----------------|-------------------|---------------|
| ○ orballo | ⊙ erballo | ■ neboeiro |
| ● urballo | ⊗ erballada | ▣ neboeirada |
| ⊖ orballa | ⊙ erballeira | ▣ niebleceira |
| ● orballada | ⊙ está orballando | + brétema |
| ⊕ orballar | ▲ mera | ⊕ bretemar |
| ★ orballeira | ▼ merea | ⬢ garúa |
| ● orballeirada | ▶ meriña | ● guerúe |
| ⊙ orballo | ▶ meruxeira | |



Mapa 2: Denominacións relacionadas con fenómenos atmosféricos

Posiblemente esta cuarta e última acepción de *orballo*, a única que desapareceu nos dicionarios actuais, está motivada pola semellanza de aparencia entre o resío e a pegada ponzoñenta que deixan algúns animais (píntegas, sapos, etc.) nas follas. Tamén se podería tratar dun icónimo¹ orixinado polo feito de que a través do resío se lle contaxia ó home este 'efluvio daniño'.

Esta polisemia provoca que a miúdo a fronteira entre a chuva miúda e o resío non estea demasiado delimitada para as nosas xentes e isto reflíctese dun xeito evidente nalgunhas das súas designacións.

A etimoloxía deste termo foi moi discutida por algúns filólogos, xa que a hipótese na que teimaran Meyer-Lübke e Leite de Vasconcelos, entre outros romanistas, de que tanto a forma galega *orballo* coma a portuguesa *orvalho* poderían derivar dunha forma latina RŌS, RŌRIS, que xa na súa orixe significaba 'resío'; esta etimoloxía sortearía moitas dificultades fonéticas seguindo esta evolución, polo cal parece moi pouco probable. Sen embargo, cremos que é moi atinada a proposta de Corominas e Pascual (s.v. *orvalho*), que lle dan a esta voz unha orixe latina, ORBU 'cego', polas tebras nas que deixa sumido o campo. Non hai ningunha dificultade, xa que logo, para a súa evolución fonética ata *orballo*; en canto á súa evolución semántica, darlle á brétema un cualificativo de 'cega', como en galego, *cegoña*, é habitual noutras linguas románicas, como é o caso dalgúns dialectos italianos: piemontés *ëga*, *ëca*, *scega*..., ou no romanés *ceață*. A nosa proposta etimolóxica para a voz *orballo* é a dunha raíz *orb-* + suf. *-allo* (< lat. -ACULU). Os trazos semánticos 'fluxo, río', 'humidade, brétema' e 'chuvia, chuviaña' que se dan en *orballo* e *orballar* son moi frecuentes nas raíces hidronímicas.

Bascuas (inéxito, apartados 29.2 e 29.3) descarta a orixe romance de *orballo* e propón unha formación paleoeuropea *ORW-ALIUM a partir do grao pleno de *OR- da raíz *ER- 'moverse', seguido dun alongamento -W + suf. -ALI; pero tamén considera a posibilidade dun diminutivo *ORV-ACULUM. Esta raíz aparece nos hidrónimos *Orbus*, *Orbego*, *Orbi*, *Orballeira*... Dende o punto de vista semántico reconece *REOW 'tempestuoso' dun tema *ORWO-. Deste xeito, a tronada do ORWO- xermánico convértese en chuviaña no noso territorio.

Respecto das tres xeovariantes (*erballo* [C.11, 17, 18, 21, 22, 23, 27], *erballleira*, cunha escasísima representación [C.17, O.28 e P.18] e, por último, *erballada*, tan só presente no concello de Cerceda [C.23]), consideramos necesario procurar outras fontes nas que se atestase efectivamente a existencia destas denominacións para *orballo*; para iso botamos man do *Tesouro*

1 Termo científico acuñado por Mario Alinei para designa-lo 'nome-icona', nome motivante. Partindo desta base, Alinei tamén propón os termos *iconimia*, para designa-lo estudio da motivación, e *iconomística*, para referirse ó conxunto dos icónimos.

Lexicográfico da Língua Galega (ILG) no que atestámo-las seguintes acepcións para *erballo* / *-a*: (1) despectivo ou diminutivo de *herba*; (2) herba que non come o gando por ter nacido sobre bostas. En cambio, *erballada* aparece nos dicionarios como: (1) herba acabada de cortar; (2) conxunto de herbas espontáneas que nacen nun lugar.

Trátase, logo, dun cruzamento entre *orballo* e *herba* pola súa proximidade fonética. Se temos en conta ademais a dificultade de xebra-lo orballo da mañá do orballo referido á chuvia, e que o primeiro só se ve porque deixa a súa pegada na herba, a etimoloxía popular ten trazado o camiño.

Cómpre apuntar ademais que E. Rodríguez (Santamarina 2001) rexistra *orballo*, *orballeira* e *erballada* e que o *GDXL*, ademais das formas anteriores, recolle *orballa*, *orballeiro*, *orballedo*, *orbaloso* e *orballeirada*.

Sobre a palabra *orballo*, xa lexicalizada de antigo, formáronse outras moitas por medio de sufixación. *Orballeira*, designación formada sobre *orball(o)*- + suf. *-eira* (< lat. *-ARIA*) está lexicalizada e sobre ela, coa axuda de sufixación, fórmanse outras denominacións, como *orballeirada*, lexicalización formada sobre *orballeira*, engadindo o suf. *-ada* (< lat. *-ATA*), tan só rexistrada en Boborás. *Orballada*, de *orball(o)*- + *-ada*.

2.1.2. Neboeiro, neboeirada, niebleceira

Rexistráronse varias formas con orixe no lat. *NEBULA*, que ademais de significar ‘néboa’ significaba ‘nube’. Nesta última acepción pódese pensar que as nubes producen a precipitación e de aí a motivación. *Neboeiro*, de *néboa* + suf. *-eiro* (< lat. *-ARIU*). *Neboeirada* está constituída pola forma lexicalizada *neboeiro* + suf. *-ada*, que pode facer referencia á duración da chuvia ou ben ser un sufixo deverbal indicando a acción ou o efecto do *neboeiro*. *Niebleceira*, segundo o propio informante, designa o ‘orballo con néboa’; é unha forma constituída polo cast. *niebla* + acumulación dos sufixos *-eza* (< lat. *-ITIA*) e *-eira*.

En toda a área peninsular existen formas referidas á chuvia miúda a partir do lat. *NEBULA*: ex. *nieblilla* en Jaén, Granada e Sevilla; *nieblina* na Rioja, etc.

2.1.3. Brétema

Actualmente na lingua galega *brétema* é unha voz polisémica que significa por unha banda ‘fusco’, é dicir, condensación de auga na atmosfera; e por outra banda ‘xistra’, ou sexa, chuvia forte acompañada de vento.

Historicamente, se seguimos a Corominas e Pascual (s.v. *brétema*) que propoñen unha etimoloxía gótica **BRĒTHMS* ‘vapor’, significaría primeiro fusco e logo derivaría a xistra. Con esta segunda acepción aparece no dicionario de E. Rodríguez na entrada *brétema* como ‘chuvia forte’ e ‘auga

con vento', formas documentadas en Triacastela e Lemos, respectivamente. No material do *ALGa* só se documentou co significado que aquí nos interesa en Agolada (P.2). No diccionario de E. Rodríguez documentouse ademais este substantivo acompañado de distintos adxectivos designando o tipo de néboa ó que fai referencia:

La BRÉTEMA recibe varios nombres, según las cualidades y condiciones con que se presenta. Llámase BARRUFA cuando es muy húmeda y sus gotas son casi imperceptibles; MALINA, cuando abrasa y quema las mieses y los frutos; MERA, cuando es fría y daña los plantíos, amerando sus frutos; MEXONA cuando es persistente y cae en menudas gotas que mojan; NÉBOA, cuando obscurece más o menos la atmósfera y anda tan baja que cubre de NEBOEIRO los campos sin mojarlos; y ORBALLENTE, cuando es tan lloviznosa y tan mansa que parece columpiarse en el aire a merced del tiempo.

2.1.4. Mera, merea, meriña, meruxeira


Corominas e Pascual (s.v. *amerar*) apuntan a posibilidade dunha procedencia *EMERARE derivado de MERUS. É unha forma que se documenta en catalán e en mallorquino co sentido de 'pór a remollo, empapar'. É o mesmo tipo de néboa que fai (a)mera-la colleita. En *brétema* (§ 2.1.3) xa recolleemos o que E. Rodríguez di sobre a *mera*: provoca que xermolos, flores e froitas se boten a perder, se estraguen, cando aínda non maduraron. *Mera*, recollida en San Amaro (O.6); o informante precisa que neste caso esta voz designa a néboa que molla; a mesma acepción que lle dan Cuveiro, Valladares, Filgueira, Carré e E. Rodríguez nos seus dicionarios (este último ademais recolle o refrán *A mera no san Xoán leva o viño e mais o pan*). *Merea*, o informante enquisado neste punto apuntou esta forma e tamén a de *chuvisca*, o que nos leva a pensar que neste caso *merea* podería designar-la néboa húmida e non tanto a chuvia miúda. *Meriña*, derivado de *mera* + suf. *-iña* (< lat. *-INA*). *Meruxeira*, formada sobre *meruxa* + suf. *-eira*; de forma ilustrativa apuntamos que no portugués contemporáneo teñen moita vitalidade *merujinba* 'chuvisca' e *merujar* 'chuviscar'.

2.1.5. Garúa, guerúe

Podería tratarse dun americanismo e dunha variante fonética deste, que se introduciu pola linguaxe dos mariñeiros e significaba 'chuvia' e antigamente 'brétema'. O que non ofrece dúbida é a súa etimoloxía a partir do lat. vg. *CALŪGO, -ŪGINIS variante do lat. CALĪGO, -ĪGINIS 'fume negro', 'nube ou brétema opaca e escura'. Neste sentido, estas variantes pódense relacionar con *cerrallada*, a motivación está segundo Fidalgo (1986: 78) no escurecemento do ambiente que se produce cando chove.

ción'. *Chuviscadela* é unha voz formada sobre *chuvisca* + suf. *-ada* sufixo que adquiriu un valor desprezativo + suf. *-ela* (< lat. *-ELLA*); ámbolos dous sufixos confirenlle á palabra un significado de 'pouca importancia', de 'pouca duración'.

- | | | |
|-----------------|-------------------------|----------------------|
| ⊙ chuviña | ⊗ chuvia de mollabobos | □ auga de mollabobos |
| ● chuviña | ⊙ chuvia de mollaparvos | □ auga de bobos |
| ○ chuviñar | ⊙ chuvia de parvos | ▲ mollabobos |
| ○ chuvisca | ● chuvia miúda | ▼ mollaparvos |
| ● chuviscada | ▣ auga peneirada | △ mollapitos |
| ⊖ chuviscadela | ▣ auga chuviñosa | ✚ calabobos |
| ● chuviscos | ▣ auga chuviscosa | ◆ cerzo |
| ● chuvisqueira | ▣ auga de bobos | ◇ zarzallo |
| ● chuvasco | ▣ auga de corvos | ◇ zarzalla |
| ○ chuvasco fino | ▣ auga de grelos | ◇ zarzalleira |
| ⊗ Hovizna | | |



Mapa 3: Denominacións relacionadas con chuvia, auga ou mollar

b) Denominacións para designa-la ‘chuvia persistente’. *Chuviêira* (*chuvia* + suf. *-eira*, o sufixo confirelle á chuvia o carácter de duración e intensidade), nos dicionarios de Valladares, Filgueira, Carré e E. Rodríguez recóllese esta forma só coa acepción ‘ballón’. As dúas designacións que seguen son herdeiras do lat. PLŪVIA e conteñen o sufixo xermánico *-isca*. Dun lado, *chuwiscada*; formada a partir de *chuwisca* + suf. *-ada*, sufixo aumentativo que normalmente aumenta as características da base (neste caso, xa que logo, expresaría a duración no tempo da chuvisca: chuvia miúda de longa duración); no dicionario de E. Rodríguez aparece esta forma como ‘llovizna que cae con persistencia o que se repite máis o menos frecuentemente’. E doutro lado *chuwisqueira*, formada a partir de *chuwisca* + suf. *-eira*; existe unha forma semellante en catalán: *plovisqueig*.

c) Por outra banda, recóllese *chwasco* en Navia de Suarna (L.23), formada sobre *chuvia* + suf. *-asco*; trátase dun substantivo empregado decote para referirse á chuvia forte, probablemente resultado dunha confusión con *chuwisco* (xa que en todo o territorio galego parece estar máis que clara a distinción entre ámbolos dous tipos de chuvias)¹. E en Vilalba (L.11) aparece *chwasco fino*, foma analítica composta a partir da palabra xa lexicalizada *chwasco* + adx. *fino* (desenvolvido por varios romances a partir do substantivo *fin*, descendente semiculto do lat. FĪNIS ‘límite, fin’ que, nun principio tiña o sentido de ‘o sumo, o perfecto’, posteriormente ‘sutil’).

d) Para rematar tamén se rexistra o castelanismo *llovizña*, formación construída tamén sobre o lat. PLŪVIA + suf. *-izña* (< lat. -ĪCINA), que lle achega un valor diminutivo.

2.2.2. Auga chuviosa, agua peneirada, de corvos, de grelos, de mollabobos...

Cómpre indicar que en galego *auga* e *chuvia* son voces sinónimas en contextos como “dan auga / chuvia para mañá”, por iso decidimos incluílas neste grupo de denominacións.

Derivados do lat. AQUA que, na súa orixe, designaban un dos elementos constitutivos da natureza, xunto coa terra e co lume, e que posteriormente pasaron a denomina-la auga como fenómeno atmosférico, é dicir, a que cae do ceo; acepción esta última que se conservou nas linguas romances, entre elas en galego, na que para designa-lo orballo só rexistramos formas analíticas que, mediante adxectivos máis ou menos expresivos, fan referencia á intensidade ou cantidade da auga que cae. *Auga chuviosa*: probablemente formada sobre a forma lexicalizada a partir do diminutivo *chuviña* + suf. *-osa*,

¹ Interesa apuntar como curiosidade unha das acepcións recollidas no dicionario de J.M. Pintos para esta voz: ‘persona de mal agüero por su aspecto y trazas’.

que lle conferiría neste caso o sentido de 'chea de'. *Auga chuviscosa*: formada sobre o substantivo lexicalizado *chuvisca* (suf. xermánico *-iske* < *-isca*) + suf. *-osa* (< lat. *-OSA*). *Auga peneirada*: o significado do verbo 'peneirar' en calquera diccionario de lingua galega é 'pasar pola peneira' (a *peneira* é un 'instrumento circular de madeira co fondo de tea ou de arame fino entretecido, que permite o paso da fariña máis fina, sacándolle o farelo'); queremos facer fincapé na calidade da fariña, a máis fina, porque se trataría, daquela, dunha evidente referencia ó ínfimo tamaño das pingas que conforman este tipo de chuvia, como se as pasaran por unha peneira antes de chegar ata nós, así como da forma que ten de caer este tipo de chuvia, é dicir en tódolos sentidos. *Auga de corvos*: designación que poderíamos explicar, se cadra, pola cor negra deste paxaro que quizais se pode relacionar coa escuridade do ambiente cando orballa; neste sentido, estaría en relación coa forma *cerrallada* (§ 2.5). *Auga de grelos*: quizais reciba esta denominación o *orballo* porque aínda que cando se sementan os grelos ten que estar seco o ambiente cómpre que chova un pouquiño para que enganche ben a semente na terra; Corominas e Pascual (s.v. *grillo*) documentan que en Aragón existe un verbo *grillar* ('el trigo grilla') que significa 'se pudre por la mucha lluvia'. *Auga de mollabobos*: véxase *chuvia de mollabobos*. *Auga de bobos*: véxase *chuvia de mollabobos*.

Outras variantes relacionadas son: *calabobos*, designación formada sobre o verbo *calar* (< lat. tardío CALARE 'facér baixar' < do grego χαλαρῶν) + *bobos*; para *bobos* véx. *chuvia de mollabobos*); *mollabobos* (véxase *chuvia de mollabobos*); *mollaparvos* (véxase *chuvia de mollaparvos*); *mollapitos*, denominación formada sobre *mollar* (véxase *auga de mollabobos* e *chuvia de mollabobos*) + *pito(s)* (< lat. PITO, construción onomatopeica de asubío que pasou a designa-lo chifre), é unha forma que ten a súa motivación no símil co aspecto do animal mollado.

2.2.3. Cerzo, zarzallo, zarzalleira

Segundo Fidalgo (1986: 46) este grupo de designacións proceden da forma do lat. CÉRCIUS, var. de CÍRCIUS, documéntase case exclusivamente na área iberorromance e, sobre todo, no territorio galego, polo menos co significado de 'orballo'. Segundo esta autora estas formas proceden do significado latino 'vento do norte' pasando a 'vento do noroeste' e estarían motivadas pola crenza popular de que o vento do noroeste soprando dende o mar cara ó interior arrastra as nubes que producen un tipo de precipitación débil.

Para Bascuas (§ 29.4) a explicación detallada arriba non é unha proposta válida. Este autor considera unha raíz **ser-* 'fluír' da que proceden o nome dos ríos galegos Sar, Sor e Sarria, de onde **sron-* 'molla, humedece'. De aí que nós incluíramos estas variantes neste grupo.

Nos datos tirados de diferentes cuestionarios do *ALGa* documentouse a resposta *cerzo* coas seguintes acepcións ‘vento moi frío, escarabana’ en L.34, ‘néboa, brétema’ en A.4 e ‘nuboeiro baixo’ en A.2, ademais da acepción que aquí nos interesa. *Cerzo*, no diccionario de E. Rodríguez documentouse esta xeovariante pero só co significado ‘vento do norte’. *Zarzal*, probablemente de *zarz* + *-allo* (< lat. -ALEU), que lle confire aquí un valor diminutivo con matiz pexorativo; rexistrouse con este sentido nos dicionarios de Leiras e de Carré. *Zarzalleira*, derivado de *zarzal* + suf. *-eira*, que lle dá o valor de ‘efecto de’ (acción de *caer zarzal*).

2.2.4. Casimba

Podería tratarse dun africanismo que xuntamente coa súa variante *cacimba* significa ‘fochanca ou poza chea de auga’, tamén ‘pipa’; probablemente sexa unha forma procedente do quimbundo [kišimɔ] ‘poza’. A única lingua na que *cacimba* significa chuvisca ou relente é o portugués onde se distingue de *cachimbo* que ten as seguintes acepcións: ‘pipa’, ‘quicio’ e ‘furado do candeeiro onde encaixan as velas’. Dado que se rexistra nun punto fronteirizo con Portugal e que tan só se recolle nesa localización podería tratarse dun préstamo luso á nosa lingua.

2.3. *Barr-, borr-, morr-, morm-, barb-, marm-, bab-...*

Este grupo de denominacións están representadas no Mapa 4.


2.3.1. Base *barr-*

Fidalgo (1986: 43-44) supón que as primeiras denominacións, as que teñen o lexema *barr-*, son derivadas do grego βορραζ ‘vento do norte’ > lat. BŎREĀS, AE (substituto do lat. AQUILIO) que pasou da linguaxe poética á linguaxe mariñeira e de aí ás linguas romances co significado de ‘néboa’ e só nalgunhas co de ‘zarzal’.

Formas afíns aparecen no territorio catalán e galego aínda que é en Galicia onde son máis abundantes. Exemplos do catalán son *borrifa* ‘vento que trae neve’, *borrafa* ‘vento branco’, *brufada* ‘tronada de neve’. Tanto no catalán coma no galego aparece unha forma *borrifar* que significa ‘zarrapicar, mollando ou humedecendo, con pingas de auga’.

Sen embargo cómpre ter en conta a hipótese de Rivas (1994: 45) que, seguindo a Rostaing e a Dauzat entre outros, considera que a raíz *bar(r)-* > *br-* ‘monte, rocha’ é de orixe prerromana; esta reconécese na base de moitos topónimos como por exemplo Bariña (Xunqueira de Ambía), Barixonza (entre Cortegada e Perrelos), Barreira (Allariz). Este *barr-* é sen dúbida o mesmo que aparece nas formas *barbaña*, *barbuña* ou *marmañeira* por cruzamento.

| | | | |
|-----------------|---------------|--------------|--------------|
| ● barruzo | ⊙ barrallo | ◆ mormuruxa | ▲ baballeira |
| ○ baruzo | × boreas | ■ barbaña | ▼ baballón |
| ⊗ barruzada | + borralleira | □ barbañeira | △ babaxa |
| ⊙ barruma | × bornallo | ⊗ barbuña | ◀ babuña |
| ● barrufo | * morriñada | ◻ barbuxo | ▶ babuñeira |
| ● barrufalleira | * morriñeira | ⊞ barbuza | ▲ babuxa |
| ○ barrufada | * morruña | ■ barmaño | ▲ babuxada |
| ⊙ barruceira | ◇ mormaceira | ▒ marmañeira | ▲ babuxadela |
| ● barraceira | ◇ mormallada | ■ marmaño | ▼ babuxeira |
| ⊙ barralla | ◇ mormaza | ⊕ marmuña | |



Mapa 4: Formas coas raíces barr-; borr-; morr-; morm-; barb-; marm-; bab-...

Para Bascuas (inédito: § 29.4 e 29.5) *barruzar* e as súas variantes relaciónanse con varios hidrónimos galegos como *Vara*, *Varón*... Considera que todos eles proceden da raíz indoeuropea *AWER- 'auga, mollar, chover, fluxo'. Dende o punto de vista morfolóxico *barruzar* pódese explicar como

*WARRUTIARE, relacionado polo mesmo autor coas formacións prerromanas *Sar, Sarria...*

Barruzar, zarzallar e orballar teñen para Bascuas o mesmo significado e, fronte das dificultades de calquera explicación romance, considera que é doada a súa vinculación con raíces hidronímicas paleoeuropeas tanto no que atinxe ó seu significado coma no que se refire á morfoloxía. Este autor apunta diferencias de significado nestas tres variantes que non se documentaron na información que achegaron as persoas enquisadas para a elaboración do *Cuestionario do ALGa*: o barruzo é máis denso, o zarzallo é máis intenso e o orballo é máis fino. *Barruzo*, de *barr(o)*- + suf. *-uzo* (diminutivo con valor despectivo), substantivo sobre o que se formarán os dous seguintes que presentan cambio de xénero. *Barruceira*, de *barruzo* + suf. *-eira*, referido á acción ou efecto de caer barruzo. *Barruzada*, de *barruzo* + suf. *-ada*, deverbal que lle dá o valor de ‘acción’ ou ‘efecto de caer barruzo’. *Barrufo*, substantivo masculino. *Barrufada*, de *barruf(o)* + suf. *-ada*, aquí sufixo deverbal (‘efecto de barrufar’); ademais de documentarse no *DRAG* e no diccionario de E. Rodríguez co sentido que aquí nos interesa, rexístrase no de Filgueira co de ‘cosa desprezable, nonada, friolera’. Este significado permítenos relacionalo co tipo de chuvia: non cae auga a caldeiros senón que se trata dunha chuvía. *Barrufalleira*, formada sobre *barruf(o)* + acumulación de sufixos: suf. *-alla* (< lat. ALEA) e suf. *-eira*.

Incluímo-las variantes que seguen neste mesmo grupo dada a súa localización xeográfica no territorio galego e porque comparten unha mesma raíz *barr-* (*vid. supra*) coas formas anteriores. *Barrallo*, de *borra* (con cambio de vocal tónica) + suf. *-allo*; Carré, no seu diccionario, atesta esta forma co mesmo significado en Meira, Lugo. *Baralla*, feminino (véxase o anterior). *Barruma*, a diferencia das anteriores, probablemente de *borra* (con cambio de vocal tónica) + suf. *-ume* (< lat. -UMINE) que indica colectividade, dando un substantivo *barrume* que, dado o seu xénero feminino, posteriormente pasaría a *barruma* por asociación.

2.3.2. Base *borr-* / *morr-*

No que se refire ás formas coa raíz *borr-*, Fidalgo (1986: 43) recolle o étimo BÖREĀS ‘vento do norte’ e ‘rexión onde sopra o vento’ (segundo a García de Diego); Corominas e Pascual recolle o latín tardío BŪRRA (segundo a Meyer-Lübke), suposta abreviación de *la burra* ‘la vermella’. De aí daría lugar a derivados varios nas linguas romances (murc. e cat. *borradura* ‘sarabullo’ e outros derivados con raíz *borr-* co sentido de ‘po, cinza’: *borra*, *borralla*, *borralleiro*, *borrallento...*). Outras das súas acepcións son ‘moreas de vexetais que se empregan para fertilizar’ (*aborrea*, *borralleira*, *borrea*, *borroeira...*) e ‘chuvisca’.

Rivas (1982: 38-41), aínda que sen pronunciarse abertamente sobre a etimoloxía deste grupo léxico, considera que estas formas son derivadas dunha raíz precéltica *bor(r)-* / *bur(r)-*, *mor(r)-*. Apunta tamén que entre os lexemas *borr-* / *morr-* existe unha equivalencia acústica que os leva a mesturarse (por exemplo: *borralla* / *morrallá*).

Este mesmo autor realiza un clasificación semántica dos termos derivados destes lexemas: a) concepto de morea en xeral (*aborroarse as abellas* 'amorearse ó entrar na colmea'...); b) concepto de morea que se queima e lixo (*borralla* 'cinza'...) e último c) concepto de po, orballo, brétema, partindo de cinza (*borralleiro* 'chuviña'...). Por causa da riqueza da base *borr-* / *morr-*, Rivas (1982: 40) propón o seguinte esquema de clasificación: (a) *borr-* / *morr-* 'montón, hinchazón'; (b) *borr-* / *morr-* 'llovizna, polvo'; (c) *borr-* / *morr-* 'montón que se queima: Galicia lingüística'.

As formas que recollemos con esta raíz do *Cuestionario* do *ALGa* relaciónanse perfectamente coa segunda acepción. A raíz *borr-* / *morr-* coa acepción 'chuvia miúda' só se documenta en Galicia, no norte de Portugal, en Asturias e en Cataluña. As variantes recollidas con esta raíz foron *borraxeiro*, con xénero masculino, de *borra* + suf. *-axa* ou *-axo* + suf. *-eiro* que neste caso parece darlle un valor colectivo. *Borraxeira*, *borraxa* + suf. *-eira*; mesmo caso có anterior con cambio de xénero. *Borralleira*, derivada de *borralla* (*borra* + suf. *-alla*) + suf. *-eira*. *Bornallo*, trátase dunha denominación despectiva polo valor que lle confire o sufixo *-allo*, que ás veces tamén leva consigo un matiz colectivo que non estaría fóra de contexto no caso que nos ocupa. *Morruña*, forma lexicalizada, de *morr-* + suf. *-uña*, que lle confire un matiz despectivo. *Morriñada*, de *morriña* (*morr-* + *-iña*) + suf. *-ada*. Documentábase nos dicionarios de Valladares, Filgueira, Carré e E. Rodríguez co sentido de 'fruslería, cosa de poca entidade', 'inmundicia' e mesmo 'refugallo'. *Morriñeira*, do mesmo xeito có anterior, formada sobre a raíz *morriña* + suf. *-eira*.

As seguintes formas con raíz *morm-* semellan ser cruzamentos entre os derivados de *morr-* (*morriñada*, *morruña*...) e *marm-* (*marmuña*, *marmañeira*...). *Mormaza*, de *mor(m)-* + suf. *-aza* (< lat. *-ACEA*), sufixo aumentativo, probablemente o máis representativo de tódolos sufixos acumulativos intencionais e que a miúdo vai acompañado dun certo matiz pexorativo, como probablemente sexa o caso aquí. *Mormaceira*, forma derivada de *mormaza* (substantivo lexicalizado) + suf. *-eira* con valor de 'acción ou efecto de'. *Mormallada*, forma derivada, como a anterior, de *mormallo* (*morm(o)-* + *-allo*, que lle confire á raíz un valor despectivo con certo matiz colectivo) + suf. de verbal *-ada*. *Mormuruxa*, forma composta de *mormura(r)* + suf. *-uxa*.

2.3.3. Base: *barb-* / *marm-*

Rivas (1982: 28-31) reconece un prefixo precéltico *barb-* co significado de ‘monte’. Documenta os topónimos *Barbudo*, *Barduda*, *Barbeiros...* e considéraos falsamente transparentes xa que segundo a súa opinión non gardan ningunha relación cun home barbudo. Os topónimos que rexistra son sempre outeiros ou castros así que el considera que a raíz debe ser oronímica. Para explicala súa orixe afirma que vén do precéltico *bar-* ‘altura’ enfatizado con xeminación de inicial en *barb-* ‘monte’.

Concordamos con Fidalgo (1986: 76) en que a etimoloxía achegada por García de Diego para as variantes con raíz *marm-* que as relaciona con MALUM FOLIUM, MALA FOLIA ‘desperdicio ou desfeito de herbas e plantas’ parécenos moi pouco probable. Para nós, *barb-* e *marm-* teñen unha orixe común que nos atrevemos a emparentar coa mesma raíz indoeuropea **aver-* xa comentada. *Barbaña*, de *barb(a)-* + suf. *-aña* (< lat. *-ANEA*), que lle confire un certo matiz despectivo á palabra na que xa non se percibe como un sufixo; de feito, sobre esta palabra lexicalizada formaranse, por derivación sufixal, outras designacións como veremos de seguido; esta forma só a documentamos no diccionario de E. Rodríguez. *Barbuña*, de *barb(a)-* + suf. *-uña*, que lle dá un matiz despectivo. *Barbañeiro*, de *barbañ(a)* + suf. *-eiro*. *Barbusco*, con cambio de xénero, de *barb-* + suf. *-usco*, é un substantivo masculino na súa orixe formado por derivación coa axuda dun sufixo diminutivo cun forte valor despectivo. *Barbuza*, de *barb-* + suf. *-uza*, é o mesmo caso có anterior, aínda que feminino, e pode que froito dun cruzamento con *barruza*. *Barmaño*, segundo a nosa opinión, podería se-lo resultado dun cruzamento entre as formas *marmaño* e *barbaño*; esta hipótese é debida á proximidade xeográfica desta variante léxica con *barbaña* que se rexistra en L.37 e *babuña*, recollida en O.4, ámbolos dous concellos próximos ó punto en que se atestou a forma que nos ocupa, L.38. *Marmaño*, de *marm-* + suf. *-año* (< lat. *-ANEU*), que lle confire simplemente un matiz despectivo. *Marmañeiro*, denominación formada sobre *marmaño* + suf. *-eiro*, que lle dá un valor de colectividade. *Mar muña*, de *marm-* + suf. *-uña* que lle dá un valor despectivo (pode que por contaminación con *babuña* que aparece en O.9).

2.3.4. Base *bab-*

Tódalas designacións con raíz *bab-* inclúeas Fidalgo (1986: 55-56), seguindo a Corominas e Pascual (s.v. *baba*), na familia das onomatopeas e voces expresivas seguidoras do lat. vg. **BABA*, voz expresiva creada pola linguaxe infantil coa repetición da sílaba *ba-* para expresa-lo babexo mesturado co balbuzo dos nenos pequenos. Esta autora considera que a motivación está na relación entre o cuspe e o pinguenexar do orballo polo efecto de viscosidade que ocasiona esta chuviña na atmosfera.

A explicación semántica que vimos de achegar podería ser probable pero cremos que as formas con raíz *bab-* gardan relación ou son variantes da mesma raíz *barr-* (< *AWER-).

Convén salientar que tódalas formas con raíz *bab-* aparecen documentadas con esta mesma acepción pola meirande parte dos autores incluídos no *Diccionario de dicionarios* (Santamarina 2001).

Dentro desta familia léxica de denominacións rexistráronse numerosas formas que comentamos sucintamente. *Baballón*, denominación resultado da acumulación de sufixos: primeiro *-alla*, un colectivo con marcado valor despectivo que probablemente pasou a formar un substantivo feminino lexicalizado *baballa* (do tipo *poalla...*) e, segundo, un sufixo aumentativo *-ón* (< lat. -ONE), un dos máis rendibles e de maior vitalidade en galego, que leva consigo, a miúdo, un marcado valor pexorativo. *Baballeira*, tamén formada sobre *baballa* pero co sufixo *-eira*. *Babaxa*, de *bab-* + suf. feminino *-axa*. *Babuxa*, de *bab-* + suf. *-uxa*, palabra lexicalizada que na súa orixe presenta un sufixo colectivo con valor despectivo, e que será a base sobre a que se van formar algunhas designacións. *Babuxeira*, formada sobre o nome anterior *babuxa* + suf. *-eira*. *Babuxada*, formada tamén sobre *babuxa* + suf. *-ada*, que neste caso lle pode conferir un valor de duración (do tipo *estiñada*, *esteada*, *invernada*) ou tamén se podería tratar dun sufixo deverbal polo contacto con *barruzada* e outras denominacións deste tipo. *Babuxadela*, formada por derivación sobre a forma anterior *babuxada* + suf. *-ela* (< lat. -ELLA), que intensifican o seu valor, de por si pexorativo (*-uxa*) e de acción e duración (*-ada*) mediante a derradeira acumulación sufixal *-ela*.

Para rematar cos seguidores de *bab-*, mencionáremo-la forma *babuña* e o seu derivado *babuñeira*. *Babuña*, de *bab-* + suf. *-uña*, palabra lexicalizada que na súa orixe presenta un sufixo colectivo con valor despectivo. *Babuñeira*, derivada directa do nome anterior *babuña* + suf. *-eira*.

2.4. Denominacións referidas a unha 'masa de partículas finas espalladas polo aire'


As variantes comentadas neste grupo aparecen cartografadas no Mapa 5 que ilustramos a continuación.

2.4.1. Poalla, puallo, poalleira, poallada, pañía

Grupo léxico seguidor do lat. vg. *PŪLVUS (< lat. cl. PŪLVIS); a forma galega *po* procede de *PU(L)US. De *po* derivará a nosa forma *poa* (*poia*) 'substancia adherida ó gran que se separaba del bañándo e aireándo, despois de golpeala con mallas e de aventala'. A motivación está, xa que logo, directamente relacionada co xeito molesto que ten de cae-lo orballo, é dicir, en tódalas direccións e en pingas moi miúdas. Agás a xeovariante *poallada*, o resto das formas aparecen documentadas, na súa maioría por E. Rodríguez

(Santamarina 2001). *Poalla*, de *poa* + suf. *-alla*, que lle confire un valor despectivo con valor colectivo do tipo *barrufalla*. Sobre esta palabra lexicalizada formáronse os derivados sufixais seguintes: *puallo*, variante fonética da anterior que presenta cambio de xénero; *poalleira*, derivado de *poalla* + suf. *-eira*; *pualleira*, variante fonética da forma anterior; e *poallada*, formado tamén sobre *poalla* + suf. *-ada*, sufixo deverbal que lle achega á denominación o valor de acción ou efecto. *Paña* é unha formación creada a partir de *p(o)aña*, debido a un desprazamento acentual tralo que desaparecería a vocal pretónica *-o*.

- | | |
|-------------|-------------|
| ● poalla | ○ pualleira |
| ◎ pualla | ✱ paña |
| ● puallo | ■ muiña |
| ⊗ poallada | □ muiñeira |
| ○ poalleira | + farelos |



Mapa 5. Denominacións referidas a unha 'masa de partículas finas espalladas polo aire'

2.4.2. Muíña, muiñeira

Muíña é o po que se xebra do gran cando se limpa. Ámbalas dúas formas rexistráronse no mesmo punto (P.30) xunto con *farelos*, que veremos a continuación (§ 2.4.3.). *Muíña* e *muiñeira*, formado sobre *muíña* + suf. *-eira*.

2.4.3. Farelos

A xeovariante *farelo(s)* é un derivado do lat. FARĪNA, que entre outras acepcións significa en plural 'anacos pequenos dalgunha cousa branda e fácil de desunir ou de desfacer'. Existen para designa-lo orballo outras formas relacionadas semanticamente co cereal ou co seu proceso de elaboración, algunhas das cales aparecen recollidas por Fidalgo (1986: 60-62); por ex: arag. *agna cernida* (< lat. CERNĒRE), alm. *salvadillo* (< lat. SALVUS), cast. *harinilla*, *harinita* (< lat. FARĪNA).

As denominacións deste apartado están asentadas sobre a idea de cantidade e de aglomeración de partículas moi miúdas.

2.5. Outras denominacións


Carcaxía. Esta forma rexistrouse só en C.9. Tanto nos dicionarios actuais coma naqueles incluídos en Santamarina (2001) documéntase *carcaxía* co significado de 'chuvia miúda', 'chuvia mol' e 'néboa húmida'; no dicionario de E. Rodríguez recóllense ademais estes dous refráns: *carcaxía norte cría* e *carcaxía, polo norte pia*. Tamén documentamos algunha variante desta forma na toponimia onde parece ter bastante vitalidade (realizamos esta pescuda co fin de procurar, infructuosamente, unha posible explicación motivacional da forma; é dicir, podería tratarse dun derivado do topónimo se se entendese '[aire de] Carcasía' ou '[auga de] Carcasía' pero non hai coincidencia xeográfica entre os lugares onde se rexistraron os topónimos e a localización desta forma no *Cuestionario* do *ALGa*. Así, na *GEG* aparecen tres topónimos: Carcacia, parroquia de Oleiros, concello de Carballedo (Lugo); San Pedro de Carcacia, parroquia, concello de Padrón (A Coruña); Carcasía, aldea da parroquia de Barro, concello de Noia (A Coruña).

Cerrallada. Do lat. tardío SERARE derivado de SERA 'fecho', 'pechadura'. Unha das acepcións do verbo *cerrar* na actualidade é 'cubrirse o ceo de nubes escurecéndose o día'. Está xustificada a motivación a partir desta acepción: cando barruza o día está fechado. *Cerrallada* fórmase sobre o verbo *cerrar* + suf. *-allo* + suf. *-ada*, sufixo deverbais que indica acción ou efecto, como noutros casos xa rexistrados: *barrufada* ou *barruzada*.

Emizga. Esta forma rexistrouse en C.32 e dela ignoramos tanto a etimoloxía coma a súa motivación. Apuntamos de xeito ilustrativo que aparece documentado en varios dicionarios o verbo *amizar* co significado de 'deixar de chover, escampar'. É por isto que nos aventuramos a dicir que se podería

tratar dunha posible variación fonética de *(a)miza(r)*. En *emiza* recoñecemos un suf. *-iza* (< lat. *-ICEA*).

- | | | |
|------------|-------------------|--------------|
| ⊙ melaeira | ■ batuñeira | ◇ emiza |
| ○ meleada | ▲ mexa a niebla | ✦ froalleira |
| ● meliada | ▼ mexa-las moscas | ✧ grumazo |
| ● meluria | ✚ carcaxía | ★ lapiñeira |
| ● molura | ✖ casimba | ➤ mocallo |
| ■ patoña | * cerrallada | ↑ papuxeira |



Mapa 6. Outras denominacións

Froalleira. Fidalgo (1986: 76) presenta a posibilidade de que proveña do lat. *FLOCCUM* ‘copo de la’ e explica a motivación na lixeireza e suavidade das pingas do orballo. Sen embargo, nós consideramos moi difícil explica-la evolución fonética a partir deste étimo e moi arriscada a explicación semántica. *Froalleira*, de *froallo* + suf. *-eira*. Esta denominación en xénero masculino

(*froalleiro*) rexístrase no diccionario de E. Rodríguez facendo referencia ó tempo ou ó día en que cae con intensidade un orballo persistente.

Grumazo. Descoñecemos-la súa orixe pero non desbotamos unha posible orixe 'bruma'. Neste sentido, cómpre ter en conta que nesta zona (L.2) os falantes empregan *uga* no canto de *uva* ou *golpe* a partir de VULPES. *Grumazo*, de *grumo* + suf. *-azo* (< lat. *-ACEU*).

Lapiñeira. E. Rodríguez no seu diccionario ilustra esta forma en Láncara. Unha acepción de *lapar* hoxe en día é 'lamber ou sorber un animal comida líquida facendo ruído'. Se cadra pódese establecer unha relación do líquido que se sorbe coa auga da chuva. *Lapiñeira* está constituída a partir da forma lexicalizada *lapiña* (orixinariamente *lapa* + suf. *-iña*) + suf. *-eira*, obxectivada pola existencia dun verbo *lapiñar*.

Mancha. Documentouse en A.7, onde o informante indicou que o termo se aplica ó orballo do tempo da calor. Voz derivada directa do lat. MANCŪLA 'parte dun corpo de distinta cor có xeral'. Hogano é o sinal de sucidade que aparece nun corpo deixado por unha substancia. A forma *mancha* emprégase para designa-la enfermidade das patacas, chamáselle así porque a folla da pataca aparece manchada pola mera. A motivación explícase porque o efecto (a enfermidade) pasou a designa-la causa que o produce (a mera).

Mocallo. Esta forma só a rexistramos no *ALGa* en O.19; Fidalgo (1986: 78), pola súa banda, documenta mocadeira en Cangas do Morrazo (Pontevedra). Segundo esta autora estamos fronte dun derivado do lat. vg. *MŪCCUS (lat. cl. MŪCUS 'moco'). Se é certa esta hipótese o icónimo escóllese neste caso polo carácter pegañento e espeso deste tipo de chuva. No diccionario de E. Rodríguez documéntase esta entrada coa acepción de 'llovizna, lluvia fina'. A voz *mocallo* está formada sobre *moco* + suf. *-allo*, que lle contaxia carácter despectivo con matiz colectivo á denominación.

Molura, meleada, meliada, melaeira, meluria. Estas variantes quizais teñan a súa base etimolóxica no lat. MŌLLIS 'flexible, mol, suave', e están relacionadas coa suavidade da chuva da que estamos a falar. Fidalgo (1986: 35) explica que a partir deste étimo se chega ó significado de 'chuviña' polo procedemento metonímico do efecto e a causa: o efecto é estar mollado e a causa a chuva fina; esta autora considera que a forma *meleada* é un derivado de MĒL, MELLIS e explica a motivación 'polo carácter pastoso e espeso da chuva' (*Ibidem*: 78). Dende o noso punto de vista, parece máis xustificable que as formas *meleada, melaeira* e *meluria* sexan variantes fonéticas de *molura* e teñan a súa orixe na raíz *mol-*. *Molura* está formada sobre a raíz *mol* + suf. *-ura* que indica unha calidade abstracta do tipo: frescura, negrura; rexístrase en Valladares, Filgueira e Carré con este significado. *Meleada* e *meliada* están formadas sobre a raíz *mel* + suf. *-ada*, que lles contaxia un valor á vez de 'colectividade' e de 'semellanza con'. *Melaeira* está formada sobre a raíz *mel* +

-a (morfema de xénero para que o substantivo funcione como tal, pero que, considerado como sufixo, lle confire na súa orixe un valor colectivo a un substantivo masculino) + suf. -eira. *Meluria*, derivada de *mel* + suf. -uria; rexistramos unha variante *melura* con este mesmo significado ('chuviaña'), entre outros, nos dicionarios de Filgueira, Carré e E. Rodríguez.

Papuxeira. Tanto en galego coma en portugués é unha raíz que presenta unha gran produtividade para designar realidades de pouco valor ou de consistencia líquida. Algunhas destas formas son *papas*, *paparruchas*, *papallada*, *paparrulleiro*... A motivación explícase quizais polo carácter líquido e espeso do orballo e das papas, característica que permite asocialos. A forma *papuxeira* está formada sobre *papa* con acumulación de dous sufixos: -uxa (con matiz diminutivo-despectivo) e -eira.

Patoña, *batuñeira*. E. Rodríguez rexistra *patoña* co significado de 'miope' e como variante de *pitoño* (en Ribadavía e Cangas do Morrazo). Tamén se vincula co cast. *cegajoso*, 'que ten os ollos chorosos'. Neste sentido, podemos relacionar estas formas coas do § 2.1.1 no que se explicaba a orixe etimolóxica de orballo a partir de ORBU 'cego'. García tamén rexistrou esta voz co significado 'lluvia fina'. No material do *ALGa* recóllese *batuñeira* en P.1. Fidalgo (1986: 58) rexistrou as formas *pateira*, *patuñeira*, *auga patañeira*... na provincia de Lugo. Respecto de *batuñeira* pode explicarse como sonorización da oclusiva inicial aínda que non desbotamos unha posible etimoloxía BATTUÈRE (< bater) xa que en galego existen as variantes batucar, batuxar, batumar que teñen como significado común 'salpicar, chover miúdo'. *Patoña*, forma expresiva lexicalizada, na súa orixe formada por adición do suf. -oña de tipo despectivo. *Batuñeira* está formada sobre a voz lexicalizada *patuña* + suf. -eira (< lat. -ARIA) cun matiz que indica 'acción ou efecto de patuñar' co sentido de 'chapuzar'.

Mexa a niebla, *mexa-las moscas*. Rexistráronse dúas formas analíticas constituídas polo verbo mexar, do lat. vg. MEIARE (< lat. cl. MEJÈRE) acompañado en ámbolos dous casos dun substantivo formando unha locución referida a orballo. *Mexa a niebla*, forma da 3ª persoa singular do presente do verbo *mexar* + art. fem. sing. *a* e o cast. *niebla* (< lat. NEBULA 'nube', 'néboa'); respecto da súa motivación, *mexar* emprégase para referirse á 'chuvia miúda que pinga'. A forma *néboa*, pola súa banda, non é estraña con esta acepción xa que no territorio galego rexistramos outras formas da familia: *neboeiro*, *neboeirada*, *niebleceira*..., como xa se comentou en § 2.1.2. *Mexa-las moscas*, documentada en Valdoviño (C.4), designa o 'orballar máis cativo'; a etimoloxía é evidente; en canto á motivación debe estar relacionada coa pouca entidade da chuvia, é dicir, que a cantidade de auga que cae é pobre e escasa, como acontecía en *mexa a niebla*. Fidalgo (1986: 52) documentou varias designa-

cións deste tipo en Granada: unha delas está formada por *auga* e un derivado de *mexar*, *agua meoncilla*; outro exemplo sería *niebla meona*.

3. ANÁLISE COMPARATIVA DOS DATOS DIALECTAIS E DOS DATOS DA LINGUA LITERARIA

Nesta derradeira parte da nosa contribución levamos a cabo unha análise comparativa dos datos dialectais fronte dos datos literarios. Para isto empregámo-las informacións do *ALGa* da pregunta 589 'chuvia miudiña e compacta, orballo' que xa representamos nos mapas anteriores e cruzámolas con aquelas outras rexistradas na *Base de datos para a formación dun diccionario da lingua moderna*¹. ¿Cal é a finalidade de presentar agora as formas escolleitas polos nosos escritores para designar este tipo de chuvia? O motivo desta análise é pescudar cómo actúan os nosos escritores fronte da escolla lexical dun termo para designa-la chuvia miúda: ¿empregan a forma dialectal que lles corresponde polo seu lugar de nacemento ou polo lugar en que viven ou ben hai outros lexemas que non concordan coas súas variantes dialectais pero que semellan ter máis vitalidade no estándar literario?

Este labor comparativo realizámolo con tódalas formas léxicas que rexistráramos no *ALGa*; cómpre sinalar que, como é esperable, fronte da riqueza de lexemas do *ALGa*, na *Base de datos para a formación dun diccionario da lingua moderna* non se documentan tódolos lexemas ou, ás veces, rexístranse con outras acepcións que nada teñen que ver co 'orballo' aquí tratado.

Nun primeiro momento procurámo-los exemplos literarios e o autor e obra no que se incluían. Logo empregamos fundamentalmente o *Diccionario da literatura galega, Tomo I (autores)* (Vilavedra 1995), e outras fontes para coñece-lo lugar de nacemento e outros datos biográficos sobre o autor. O segundo chanzo no noso labor foi asignarlles a esas xeovariantes literarias un punto xeográfico máis ou menos coincidente cos puntos cos que conta o *ALGa* para establecermos unha comparanza.

Cómpre apuntar que, deste xeito, decidimos desbotar aquelas formas pouco representadas nas variedades diatópicas e na lingua literaria pola súa escasa rendibilidade. Aínda así presentamos de maneira ilustrativa algúns casos nos que, aínda que a frecuencia no territorio galego da forma léxica é mínima e o uso que fan os escritores dela se reduce a uns poucos casos, existe unha proximidade xeográfica evidente entre as formas documentadas

¹ Trátase dun proxecto de enorme magnitude que comezou a súa andaina no Instituto da Lingua Galega (ILG) da man do seu director, Antón Santamarina Fernández, no ano 1985 e que aínda non rematou. Dende a súa xénese ata o momento presente conta con aproximadamente 11 000 000 de rexistros entre os que se inclúen dende textos de finais do século XVII ata obras literarias do ano 2001.


nas distintas fontes. Neste caso, estarían a forma *carcasía* que se documenta no *ALGa* en Pontedeume (C.9) e que emprega un só escritor en tres ocasións na mesma obra. Trátase de Xelucho Abella Chouciño (*A ermida do diaño*, Galaxia, 1998), que é de Malpica (C.12):

Orballo miúdo de gotiñas case carcasía

As pingas buligantes de carcasía, sen chegaren a orballo auguran no aire o vento...

Carcasía. Orballo miúdo de gotiñas case inapreciable


Só un informante do *ALGa* achegou esta forma. A partir deste datos podemos comproba-la evidencia da proximidade xeográfica dos lugares dos que se tira por un banda o dato literario e por outra a información dialectal.



Mapa 7. Distribución diatópica de orballo, barruzo, zarzallo e poalla

Outro exemplo sería a forma *marmañeira* que nos datos do *ALGa* só aparece documentada en Folgoso do Courel (L.32). Empregan esta forma Uxío Novoneira (Parada de Moreda, O Courel: “Marmañeira. Chove pausiño prás sombras”, *Os eidos* 2) e Fiz Vergara Vilariño (Santalla de Lóuzara, Samos: “Marmañeira: chuvia fina”, *Orfo de ti en terra adentro*). De novo, xa que logo, comprobámo-la coincidencia entre a zona xeográfica na que se documenta o dato no material dialectal e o punto xeográfico no que naceron os autores.

Á parte de documentar estas formas, o que máis nos interesaba era ver qué vitalidade tiñan na lingua literaria as formas léxicas máis representativas dos datos tirados do *ALGa*. Estamos a referirnos ós icónimos *orballo*, *barruzo*, *zarzallo* e *poalla*. Debaixo destas formas incluímos tódalas súas variantes. É dicir: *orballo* {orballo, herballo, orballeira, herballeira, orballada, herballada, orballeirada}, *barruzo* {barruzo, barruceira, barruzada, barrufo, barrufada, barrufalleira, barrallo, barruma}, *zarzallo* {zarzallo, zarzalleira e cerzo} e *poalla* {poalla, puallo, poalleira, poallada}.



Mapa 8. Distribución de orballo, barruzo, zarzallo e poalla na lingua literaria segundo a procedencia dos autores

Orballo e as súas variantes presentan unha distribución moi espallada polo territorio galego. Con todo, concéntranse no noroeste e teñen presenza ademais nalgúns puntos da provincia de Lugo, Ourense, Pontevedra e no norte de Asturias. Respecto da localización dos datos dialectais, entre outros puntos, o informante escolleu a forma *orballo* ou algunha das súas variantes para designa-la 'chuvia miúda' en C.1, C.2, C.3, C.4, C.5, C.7, C.8, C.11, C.12, C.14, C.16, C.17, C.18, C.19, C.21, C.22, C.23, C.24, C.25, C.26, C.27, C.29, C.31, C.32, C.33, C.34, C.36, C.37, C.43, C.45, L.17, L.19, L.21, L.27, L.28, L.31, O.2, O.5, O.8, O.11, O.15, O.21, O.23, O.24, O.26, O.27, O.28, O.30, P.2, P.7, P.10, P.11, P.18, P.21, P.25, P.28, P.31, P.33 e A.7.

Polo que respecta ós datos literarios que documentamos foi necesario descartar aquelas acepcións de orballo que non facían referencia a chuva fina. Trala eliminación destes rexistros verificamos que os exemplos pertencen a obras de autores que proceden de Ferrol (C.7), Bergondo (\approx C.10), Arteixo (\approx C.11, C.13), Malpica (C.12), Carballo (C.18), Muxía (C.24), Cee (\approx C.29), Santiago de Compostela (C.35), Brión (\approx C.39), Muros (C.43), Ribadeo (L.4), Riotorto (\approx L.13), Castro de Rei (L.18), Lugo (L.22), Guntín (L.24), Chantada (L.31), Val do Incio (L.33), Quiroga (\approx L.37), Samos (\approx L.37), Ourense (\approx O.7), Nogueira de Ramuín (\approx O.7), Celanova (\approx O.15), A Estrada (P.3-P.4), Cambados (P.12), Pontevedra (P.15), Cangas (\approx P.21), Vigo (P.24), O Rosal (\approx P.32)...

Hai coincidencia entre a área de *orballo* nos dous mapas aínda que, como sempre, hai menos datos no corpus literario empregado. Algúns dos exemplos rexistrados pertencen as obras dos escritores Gonzalo López Abente (Muxía: “orballo miúdo”, *O novo xuezo*), Dictionio del Castillo-Elejabeytia (Ferrol: “chuva e paxaros... orballo e...”, *O espello das brétemas*), Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada: “O orballo, anque lixeiro, enchoupábame a roupa”, *Os culpables*), Eliseo Alonso (Goián, Tomiño: “Polos ollos tristes e húmidos como un serán de orballo, esvaíanselle ao capitán as derradeiras visións”, *Contos do Miño*).

Barruzo e as súas variantes esténdense por todo o nordeste galego. É a forma que escolleron os informantes de L.4, L.6, L.9, L.11, L.12, L.13, L.19..., entre outros puntos; ademais tamén é unha forma que se documentou en Asturias: A.1, A.3, A.5... Tamén se rexistran estas formas en diversos traballos de investigación desta área: no occidente de Asturias (Álvarez Valdés 1992), A Veiga (Fernández Vior 1997), Eilao (Álvarez Blanco 1983), a Terra Chá (Regueira 1989). Os autores que empregan esta forma léxica son Aquilino Iglesias Alvariño (Seivane-Abadín, *Quinto Horacio Flacco: Cancións, Libro 1*), Dino Pacio Lindín (A Pastoriza, *Terra húmeda*), Xavier Rodríguez Baixeras (que pasou a súa infancia en Ribadeo, *Anos de viaxe*), Manuel M. Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, *Obras completas*) e Xosé Miranda (Lugo, *O demo á orella*). Observamos, xa que logo, unha total coincidencia entre a localización desta forma na xeografía galega e a orixe do autor.

Zarzallos e as súas variantes documentáronse no centro da provincia de Lugo e están en contacto coa zona de *barruzo*. É, sen dúbida, a forma léxica das cartografadas nesta análise con menos presenza no territorio de fala galega. Segundo os datos dialectais rexistrados no *ALGa* é a forma que se emprega para designa-la ‘chuva miúda’ nos seguintes puntos: C.14, L.9, L.14, L.15, L.18 e L.21. No que atinxe ós datos literarios botan man desta forma Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo), Xesús Manuel Valcárcel (Lugo), Xesús Rábade Paredes (Cospeito), Camilo Cao Martínez (Celanova),

Aquilino Iglesias Alvariño (Seivane-Abadín) e Arcadio López Casanova (Lugo). Unha mostra desta recolleita aparece no libro de Xesús Rábade Paredes *A palabra secreta*: “iniciouse un zarzallo cabreante. É o sinal de invernia”. Agás o exemplo empregado por Camilo Cao Martínez, procedente de Celanova e fóra da zona desta xeovariante, atéstase, de novo, unha coincidencia entre a escolla dialectal e a forma utilizada polos escritores.

Poalla e as súas variantes son algunhas das formas para designa-lo 'orballo' que ocupan a zona sudoeste de Galicia. Tódolos puntos nos que se localizou esta forma no *ALGa* están situados na provincia de Pontevedra: P.13, P.18, P.19, P.21, P.24, P.26, P.28 e P.33. Os escritores que utilizan esta variante segundo a información tirada da *Base de datos para a formación dun diccionario da lingua moderna* son orixinarios ou residiron nesta zona: Xoán Bernárdez Villar (Marín) en *No ano do cometa*, Anxo Quintela (Vigo) en *O asasino estrábico*, Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño) en *Barato, barato*, Cándido Pazó (Vigo) en *Raiñas de pedra*, Xosé Luís Méndez Ferrín en *Bretaña esmeraldina* e Paulino Vázquez en *Aquí podían ser os pés de arxila*. Estes dous últimos autores merecen unha pequena aclaración; ámbolos dous naceron en Vilanova dos Infantes (O.15) —punto cartografado no mapa de datos literarios en cor verde e no dos datos dialectolóxicos en cor gris—; sen embargo, esta diverxencia entre mapas pódese xustificar polo feito de que, malia a súa orixe ourensá, tanto Ferrín —que estudou bacharelato en Pontevedra e Vigo onde foi docente de literatura— coma Paulino —que pasou en Vigo a súa adolescencia— reflicten nas súas obras a influencia da fala do sur de Pontevedra. Algúns exemplos desta forma nos autores citados son: “A noite choveu unha chuva desas que nin sequera poalla nin balón” (Cándido Pazó, *Raiñas de pedra*), “Pinga hoxe a poalla sobre as carballeiras fondas” (Xosé Luís Méndez Ferrín, *Bretaña esmeraldina*). Para rematar, cómpre apuntar que Manuel Rivas (A Coruña) en *En salvaxe compañía* utiliza a forma *poalla* na zona dialectal de *orballo*; desbotámo-la súa presentación no mapa, dado que na Coruña, tanto na lingua oral coma na literaria, a forma *orballo* é a máis representativa.

Da análise contrastiva entre a lingua literaria e os datos dialectais pódese deducir que para designa-la 'chuvia miúda' no territorio de fala galega *orballo* é a forma común que non está marcada dialectalmente. Respecto das outras xeovariantes analizadas non hai unha forma que impere sobre as demais e que teña unha extensión tal que eclipse as outras. Moi pola contra, os nosos escritores empregan as variantes dialectais representativas do seu lugar de orixe ou daquel no que viviron ou residiron un tempo determinado. Polos datos que aquí expuxemos e representamos graficamente a través dos mapas obsérvase en xeral unha correspondencia entre a información dialectal

recollida nos cuestionarios do *ALGa* e aquela outra pertencente ó eido da lingua literaria.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alinei, M. (1974): *La Struttura del Lessico*. Bologna: Il Mulino.
- Alinei, M. (1980): “The Structure of Meaning Revisited”, en *Quaderni di Semantica*, II, 2, 289-305.
- Alinei, M. (1984): “Le due strutture del significato”, en *Lingua e dialetti: struttura, storia e geografia*. Bologna: Il Mulino, 13-21.
- Alinei, M. (1994): “Trentacinque definizioni di etimologia, ovvero: il concetto di etimologia rivisitato”, en *Quaderni di Semantica*, XV, 2, 199-221.
- Alinei, M. (1996): “Aspetti teorici della motivazione”, en *Quaderni di Semantica*, XXXIII, 1, 7-17.
- Alinei, M. (1998): “Nuove prospettive nella ricerca storico-semantica ed etimologica”, en *Quaderni di Semantica*, XXXVIII, 2.
- Álvarez Blanco, J. C. (1983): *El habla del concejo de Illano (Margen occidental del río Navia)*. Tese de licenciatura. Universidad de Oviedo.
- Álvarez Valdés, J. (1992): *As costumbres foron deste xeito (Occidente de Asturias)*. Navia: Ayuntamiento de El Franco.
- Bascuas, E. (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*, Santiago de Compostela: USC.
- Corominas, J. e J. A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DLG = Alonso Estravís, I. (1995): *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- DRAG = García, C. e M. González González (dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- Fernández Vior, J. A. (1997): *El habla de Vegadeo (A Veiga y su Concejo)*. Uvieu: Academia de la Llingua Asturiana.
- Fidalgo Francisco, E. (1986): *Las denominaciones románicas de la lluvia / llover*. Tese de licenciatura. USC.
- Fidalgo Francisco, E. (1991): “A onomatopeia como creadora de denominaciones de lluvia / chover”, en M. Brea e F. Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, 1. Santiago de Compostela: USC, 163-170.
- GDXL = Carballeira Anllo, X. M. (coord.) (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- GEG = *Gran enciclopedia gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, 1974-2000.
- Machado, J. P. (1984): *Diccionario onomástico etimológico da lingua portuguesa*. Lisboa: Confluência.
- Martínez Cortizas, A. e A. Pérez Alberti (dirs.) (1999): *Atlas climático de Galicia*. Santiago de Compostela: Grafisant.
- Nomenclátor de Galicia (Lugo)*. Xunta de Galicia, 2000.
- Nomenclátor de Galicia (Ourense)*. Xunta de Galicia, 1996.

Nomenclátor de Galicia (Pontevedra). Xunta de Galicia, 1998.

Pueblos de España. Nomenclátor comercial. Madrid, 1992.

Regueira, X. L. (1989): *A fala do norte da Terra Cba.* Tese de doutoramento. USC.

Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Marín*. Anexo 18 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.

Rivas Quintas, E. (1994): *Lingua galega, niveis primitivos*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Santamarina Fernández, A. (ed.) (2001): *Diccionario de diccionarios 2*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Vilavedra, D. (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega. Autores*. Vigo: Galaxia.